



O sábado, 22 de xaneiro de 2011, tivo lugar en Vigo a Asemblea de Fiare Galiza (FiareGZ).

Contamos coa presenza de Peru Sasia (director de Fiare), de máis de corenta persoas socias físicas e coa representación dos colectivos que conforman FiareGZ. Temos moito que agradecer a tanta xente que está a apoiar o proxecto e que segue a traballar de forma incansable para que medre esta realidade de banca ética que ten como base o tecido social e produtivo. Queda moito por facer pero o pulo que supuxo este encontro, permítenos seguir con forzas renovadas e sendo conscientes, se podiamos selo máis, de que FIARE vai ser a maior iniciativa de economía social do estado español. O máis importante é que todas as persoas que queiramos podemos formar parte dela, está nas nosas mans!

Durante o que vai de ano participamos en varias mesas redondas, charlas, ... ás que fomos invitados por ATTAC, a Eira da Xoana, Cooperativa Monte Cabalar, Semente, A Esmorga, Amigos da Terra, Sem um Cam, Verdegaiá, Amarante-Setem, Alén Nós, Loaira, *Permacultura Louriña*, ...). En moitas delas tamén estiveron presentes Coop57 e AIS O Peto: en Agolada, na Coruña, na Estrada, en Pontevedra, no Porriño, en Redondela, en Vigo e nas acampadas do Obradoiro, de Coruña e de Vigo.

Para propor charlas, mesas redondas, ... e para solicitar información sobre estas podes escribir a: difusion@fiaregz.com

Seguimos medrando de tal xeito que en FiareGZ somos a 4 de xuño de 2011:

- 21 persoas socias xurídicas.
- 100 persoas socias físicas.

Desde FiareGZ tamén contribuímos a que o aforro recolleito polo proxecto Fiare supere os 27 millóns de euros, o que permitiu outorgar créditos a proxectos sociais do terceiro sector e de economía social por valor de 23 millóns de euros.

O crecemento na promoción do aforro das organizacións e familias permitiu dispor duns recursos que se destinan ao financiamento de proxectos transformadores, de xeito que a 31 de marzo de 2011, Fiare concedeu financiación a máis dun centenar de proxectos por un valor que ascende a case 20.000.000,00 €. Para iso quérense traballar acordos con redes de organizacións e con diferentes colectivos (Cáritas-Bilbao, REAS-Navarra, REAS-Euskadi, Gizatea, FEVECTA, COOP 57, Ideas, sindicato agrario ENHE-Bizkaia, PTM-Credit, GAP, Acció Solidària Contra l'Atur, Asociación CAF, Fondo de Solidaridad Paz y Esperanza, Solidaridad con el Sur de Sudán, Oikocredit-Catalunya, ConoSud, ...), a través da Libreta Redes e doutros xeitos, que permitan chegar a máis tecido social sen necesidade de crecer en estrutura (en Galiza ata o momento está aprobado un proxecto con Cáritas-Ourense e hai varios en proceso).

Podes formar parte ti e o teu colectivo, concello, ... deste proxecto tan entusiasmante e integrador! Participa en FiareGZ! Podes facelo nos distintos equipos de traballo (materiais, difusión, ...) e nos grupos locais (de Vigo e Santiago -en proceso- e en creación noutras cidades galegas) que se formaron para que, pouco a pouco, entre todas as persoas que así o desexemos poidamos seguir a expandir esta realidade e a crear sinerxias. Para máis información non dubides en preguntar en: fiaregz@proyectofiare.com.



O primeiro semestre do 2011 trouxo moi boas novas

Banca Popolare Etica (www.bancaetica.it)



Banca Popolare Etica é o socio estratéxico do Proxecto FIARE de Banca Ética no estado español (www.proyectofiare.org) para a creación da primeira cooperativa europea de finanzas éticas e solidarias.

A italiana Banca Popolare Etica (BPE) ten ao peche do mes de marzo de 2011 unha base social de máis de 35.000 socios e socias, exactamente 35.535 persoas físicas e xurídicas (das cales, 5.398 entidades sociais e 30.137 persoas físicas). Esta consolidación da base social de BpE vén acompañada dun aumento sostido do capital social achegado por estes socios (32.520.000 €) así como do nivel de aforro captado e os préstamos outorgados a proxectos da economía social e solidaria e do terceiro sector: 670.656.000 € en aforro recolleito e 664.854.000 € en préstamos a 4.875 proxectos socialmente éticos e medioambientalmente sustentables. Iso supón que BPE está intermediando financieramente, sobre a base de principios das finanzas éticas e solidarias, uns 1.335 millóns de euros.



Algunhas das persoas asistentes ao X Encontro IDEARIA de Economía Alternativa e Solidaria (Córdoba, 30 de abril e 1 de maio)



Asemblea Anual de Banca Popolare Etica (Bologna, 28 de maio de 2011)

Proxecto Fiare (www.proyectofiare.com)

Este semestre podemos salientar que no mes de abril celebramos que o grupo de traballo en innovación e investigación do Comité das Rexións da Unión Europea escolleu ao Proxecto FIARE de Banca Ética como exemplo de boas prácticas. O obxectivo do grupo de traballo é converter a Unión Europea nun polo de excelencia en materia de responsabilidade social e garantir que as políticas que aplica e as das empresas europeas realmente contribúen ao desenvolvemento social.

A coordinación estatal do proxecto FIARE de Banca Ética celebrou a súa reunión bimensual o venres día 29 de abril, no marco do X Encontro IDEARIA de Economía Alternativa e Solidaria que se celebra en Córdoba. Na reunión analizouse a evolución do proceso de construción social deste instrumento de finanzas éticas e solidarias. Ao peche do primeiro trimestre de 2011 (31 de marzo) o proxecto continúa a boa marcha expresada nos datos con que se pechou o ano 2010. Neste primeiro trimestre de 2011 incorporáronse ao proxecto 237 novos socios e socias, o que supón unha base social de 2.057 socios entre persoas físicas e entidades sociais. A campaña de recollida de capital social, iniciada en abril de 2009, captou xa 2.320.000 euros achegados pola base social de FIARE.

No marco do Encontro IDEARIA de Economía Alternativa e Solidaria, a coordinación estatal do Proxecto FIARE celebrou tamén o sábado 30 de abril unha reunión de traballo con Ugo Biggeri, presidente da italiana Banca Popolare Etica (BpE) coa finalidade de estreitar os mecanismos de traballo e relación entre ambos os dous socios estratéxicos no proceso de construción dun instrumento de banca ética e solidaria de ámbito europeo. Ugo Biggeri clausurou este domingo 1 de maio a X edición de IDEARIA cunha conferencia sobre a Banca Ética e a Economía Solidaria.

Temos que salientar que no mes de maio o Concello de Burlada (Navarra) acorda facerse socio de FIARE. É o terceiro municipio navarro, despois de Villava e Ansoáin, que se integra en FIARE. Acordouse que se realizará en dependencias e servizos municipais consumo de produtos de comercio xusto e promocionarase a idea deste comercio en Burlada.